



Tech Kids: argallando entre xeracións

 12, 19.09 e 03.10 de 2025  16:00 – 18:30 H  PRESENCIAL

Cal é o programa?

As sesións orientaranse tanto á **xeración de ideas e invencións** como ao **uso das tecnoloxías disruptivas** presentes nas aulas CeMIT para implementalas (deseño e fabricación 3D, robótica educativa con MicroBit, programación de videoxogos, experimentos con condutividade electrónica e programación e drons).

A partir desta aprendizaxe, sentaranse as bases para poder **deseñar e desenvolver** voluntariamente un **reto científico-tecnolóxico interxeracional** que mesture a tecnoloxía e a innovación coa cultura e a tradición (grupos de persoas de distintas idades) que sirva como instrumento para impulsar a creatividade, o uso e aproveitamento do equipamento e materiais a través de proxectos autónomos que teña como base a formación recibida. (Para máis información podes visitar a [páxina web do reto](#)).

Quen organiza?

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en colaboración co Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG)

Quen imparte?

- › **Cristina Mangana**
- › **Pablo Novoa**

Cando e onde?

12 e 19 de setembro e 3 de outubro de 2025

De 16:00 a 18:30H

- › **Presencial** (Centro GaiásTech – Cidade da Cultura)

Para quen?

- › Dirixido á rapazada entre 12 e 18 anos

Por que?

Ten como obxectivo poñer en práctica o talento dixital e a capacidade de resolución de problemas da rapazada ao tempo que desenvolven competencias persoais a través dunha contorna colaborativa.

Inscríbete!

